



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Co obxectivo da substitución da actual vertedura de augas residuais na EDAR de Lavandeira por un sistema de impulsión que permita a conexión coa rede de saneamento existente na rúa Paraíso, polo Concello de Ordes redactouse o proxecto técnico das obras: **Substitución EDAR Lavandeira por bombeo (Poulo)**, por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de Camiños, c. e p. (colexiado nº 22 992):

Denominación da obra	Orzamento base de licitación
<b>Substitución EDAR Lavandeira por bombeo, Poulo</b>	103.023,11 €

Procede iniciar expediente de contratación por procedemento aberto, artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), por ser o procedemento máis axeitado para a consecución da mellor oferta para a execución das obras, con multiplicidade de criterios de adxudicación vinculados ao obxecto do contrato, tramitación ordinaria [artigo 119, artigo 131.2 (LCSP)].

Deberase incorporar ao expediente:

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Certificado de existencia de crédito orzamentario.
- Informes do Secretario e do Interventor do Concello.

Ordes, 26 de agosto de 2020

**A ALCALDESA EN FUNCIÓNS**  
(Decreto delegación competencias 14/08/2020)

**Perante min,  
O SECRETARIO**